

Posición do Galego entre as linguas románicas

FRANCISCO FERNANDEZ REI

Universidade de Santiago

1. AGRUPAMENTO DOS "DIALECTOS" NEOLATINOS

O latín, idioma do grupo *centum* —coma o grego, o céltico e o xermánico— dentro da gran familia indoeuropea, fragmentouse en moitos *dialectos* dos que só uns poucos foron sempre recoñecidos como *linguas* desde o nacemento da lingüística románica científica no 1836, coa publicación da *Gramática das linguas románicas* de F. Diez¹. Na romanística do S. XX outros *dialectos* pasaron a sumarse a aqueles con plena categoría de *linguas*, mentres uns terceiros *dialectos* latinos esmorecen como supostas variantes de linguas románicas históricas ou ben tratan de gañaren a categoría de *linguas* autónomas, ó seren reivindicados socioculturalmente despois de séculos de prostración.

1.1. O primeiro grupo de *dialectos* neolatinos considerados desde Diez ata a actualidade *linguas* son o portugués, o español, o francés, o italiano e o romanés, que teñen a súa orixe nos *dialectos* latinos da Gallaecia, Castela a Vella, L'Île-de-France, Toscana e Valaquia, respectivamente.

¹ A historia das clasificacións tradicionais da Romania pode verse en Carlo Tagliavini, *Le origine delle lingue neolatine. Introduzione alla filologia romanza*, Casa Editrice R. Pàtron, Bologna, 1972⁶, 349-356 (a 1ª ed. é de 1949) e mais en B.E. Vidos, *Manual de lingüística románica*, Aguilar, Madrid, 1968² (a versión orixinal holandesa é de 1956). Para unha tipoloxía moderna da Romania pode verse o artigo de Žarko Muljačić, "Die Klassifikation der romanischen Sprachen" en *Romanistisches Jahrbuch*, XVIII (1967), 23-37, e tamén a mesa redonda "Typologie des langues romanes", coordinada por Ž. Muljačić, do *XVII^{ème} Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, celebrado en Aix-en-Provence do 29 de agosto ó 3 de setembro de 1983 (en adiante *XVII CILPhR*), e publicada no vol. 2 das actas (1985), 529-584.

Estas cinco linguas románicas incuestionables son oficiais, alomenos, do estado europeo no que se orixinaron, se ben o seu proceso de oficialización, estandarización e desenvolvemento literario e cultural é ben diferente. Abonda lembrar ó respecto que a unidade do estado español parte de 1492, mentres a do estado italiano é ben recente, 1861; o texto máis antigo do francés, os *Xuramentos de Estrasburgo*, é de mediados do século IX, mentres que o primeiro documento conservado escrito enteiramente en romanés é unha carta que o nobre Neacșu de Cîmpulung dirixe en 1521 a un xuíz da transilvana vila de Brașov. Por outra parte, mentres o portugués, o español, o italiano e especialmente o francés contan cunha boa literatura desde a Idade Media, no caso do romanés non se pode falar propiamente da existencia dunha elaboración literaria de calidade antes do período 1866-1886, a “Epoca marilor clasici” (Eminescu, Caragiale, Creangă e Slavici). Lémbrese que as “tre corone” da literatura italiana, os tres grandes forxadores do toscano son do século XIII-XIV (Dante) e XIV (Petrarca e Boccaccio).

1.2. Hai un segundo grupo de *dialectos* latinos, que non son oficiais a nivel estatal pero que a romanística considera hoxe *linguas* e non variantes dialectais das linguas históricas arriba citadas. Este grupo heteroxéneo constitúeno linguas que viven actualmente nun contexto sociocultural e sociopolítico moi diferente, nalgúns casos con oficialidade para os seus falantes; aquí inclúo o provenzal, o catalán, o sardo, o romanche suízo, o francoprovenzal e mailo dalmático.

De todos eles, só o provenzal fora considerado como lingua na clásica división de Diez de 1836, ó par dos idiomas cun soporte estatal, especialmente por motivos literarios. O catalán, variante do provenzal en F. Diez e, en principio, tamén en W. Meyer-Lübke, como máis adiante se verá, é hoxe unha lingua románica máis, sen os problemas de estandarización das outras linguas “minoritarias” neolatinas e nun forte proceso de normalización e recuperación social, especialmente en Cataluña².

² Sobre a recuperación e o conflito sociolingüístico catalán pode verse a breve síntese de Joan Veny, “Aproximación a la lengua catalana” en M. Alvar (coordinador), *Lenguas peninsulares y proyección hispánica*, Fundación Friedrich Ebert / Instituto de Cooperación Iberoamericana, Madrid, 1986, 93-106; Miquel Strubell i Trueta, “Sotziolingüística e política lingüística in Catalunya” en *Limbas. Rivista de istudios lingüísticos*, 1 (1986), 16-23; Joan Martí i Castell, “Conflicto lingüístico en Catalunya” en *Revista de Filología Románica*, III (1985), 13-24, e Antoni Ferrando Francés, “Presente y futuro de la normalización lingüística en el País Valenciano” en *Revista de Filología Románica*, III (1985), 35-45. Os artigos de J. Martí e A. Ferrando

As variedades do sardo xa son estudias por W. Meyer-Lübke na *Gramática das linguas románicas* (Vol. I, 1890), pola forte personalidade lingüística dos falares desa illa italiana. O sardo, idioma de tradición oral plurisecular, carece aínda hoxe dun estándar elaborado, en parte pola dificultade de reducir a un único subsistema artificial os diasistemas dos dialectos campidanese e logudorese, que se ben son tipoloxicamente afíns, presentan diferencias sustanciais no plano fonético, morfosintáctico e léxico. Segundo E. Blasco Ferrer, parece necesario elaborar unha norma bivalente para esta lingua, co fin de conserva-la identidade dos sistemas logudorés e campidanés³.

reprodúcense en *Las lenguas románicas españolas (sic) tras la Constitución de 1978*, a cargo de Aurora Juárez, Ed. TAT, Granada, 1988, 13-24 e 35-45. Máis recente é o traballo de Jordi Pau i Vidal, "Sobre la lengua catalana y su situación actual" en *Informes al XIII Conceyu Internacional de Llingües y Cultures Amenazaes*, Uviéu, 24-25-26 de xunetu de 1987 (no sucesivo citárase como *Informes XIII CILICA*, Uviéu, 1987), Academia de la Llingua Asturiana, 1987, 123-132.

A actual favorable situación socioeconómica de Cataluña e a normalización emprendida pola Generalitat pode permitir que, alomenos en Cataluña, o catalán —hoxe cooficial co castelán— estea algún día plenamente normalizado no seu uso, o que contrasta co futuro do occitano, no sur de Francia, que carece da protección legal do catalán e tamén dun apoio socioeconómico e sociocultural semellante ó ser Occitania unha "rexión" subdesenvolvida, unha colonia interior no estado francés. No *Congreso Internacional das Culturas Minoritarias*, organizado polo Consello da Cultura Galega en setembro de 1987, o occitanista Robert Lafont na súa análise sobre o futuro do occitano, sulñaba que a partir de 1992, coa existencia da Acta Unica Europea e a desaparición das fronteiras na CEE, Provenza dependerá economicamente de Barcelona, e non de París, co que puidera ocorrer que o occitano pervivise no futuro como "dialecto" do catalán normalizado. Non se publicaron as actas do congreso, e cito polas notas persoais que alí tomei.

³ Eduardo Blasco Ferrer, *La lingua sarda contemporanea. Grammatica del logudorese e del campidanese. Norma e varietà dell'uso. Sintesi storica*, Edizioni della Torre, Cagliari, 1986, 19-21. Do mesmo autor véxase ó respecto "Sa limba sarda oe e cras. Riflessiones supra de su status e supra de sa codificatzione de una limba moderna minoritaria" en *Limbas. Rivista de istùdios linguísticos*, 1 (1986), 5-15. Para o mapa lingüístico sardo e a súa historia cfr. Maximo Pittau, "La lingua sarda —storia e dialetti—" en *Logos semantikos. Studia linguistica in Honorem Eugenio Coseriu (1921-1981)*, (en adiante *SLHE Coseriu*), V, Gredos, 1981, 348-358.

A minoría lingüística sarda supón o 2,1% da poboación italiana, dun total de 56.244.000 habitantes, segundo o XII censo correspondente ó ano 1981. Estes datos están tirados da comunicación de Lorenzo Còveri, "Lingua nazionale, dialetti e lingue minoritarie in Italia alla luce dei dati quantitativi" en *Actas do XVII CILPhR*, 5 (1984), 86-87. Sobre a "minoría" sarda cfr. Sergio Salvi/J.V.C., "Sardinia" en *World Minorities*, Second Vol., Ed. by G. Ashworth, Quatermanine House Ltd., Windmill Road, Sunbury, Middx. V.K. (1987), 109-112.

O retorromanche, lingua oficial en Suíza desde 1938, ó par do alemán, francés e italiano, cun número reducido de falantes (40.000 aproximadamente), carece dunha lingua escrita unitaria. As cinco variedades (*sursilvan*, *sutsilvan*, *surmiran*, *ladin* da Alta Engadina e *ladin* da Baixa Engadina) posúen lingua escrita propia, con normas ortográficas e fonéticas, con literatura de seu, libros de ensino e unha tradición dunha certa antigüidade. Desas variantes, o sobreselvano e mailo engadinés son as que teñen maior tradición literaria⁴.

O francoprovenzal⁵ (tamén denominado “francés sudoriental” ou

⁴ Véxase Ricarda Liver, “I problemi di una ‘quarta lingua nazionale’ ” en *Atti del XIV Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza* (en adiante *XIV CILFR*), Nápoles, 15-20 abril de 1974, I (1978), 249-255, especialmente 253-254. Sobre a problemática da estandarización do romanche suízo pode verse o traballo de Jachen C. Arquint, “Vers la standardisation” en Robert Schläpfer (director), *La Suisse aux quatre langues*, Editions Zoé, Genève, 1985 (a versión orixinal alemana é de 1982).

A “estandarización múltiple” existe tamén, segundo E. Blanco (*La lingua sarda contemporanea...* 54-55, nota 33), no retorromanche dos vales dolomíticos do norte de Italia xa que o *gardenese*, o *gaderese* e o *fassano* teñen unha ortografía aceptada e manuais para a escola elemental. O rético dolomítico fálanos unhas 30.000 persoas na rexión do Trentino-Alto Adixio (provincias de Trento e Bolzano) e mais na provincia véneta de Belluno. Os falantes réticos de Bolzano están tutelados constitucionalmente, mentres os de Trento teñen unha tutela “quasi soltanto formale” e os de Belluno carecen de toda tutela, segundo Sergio Salvi, “Minoranze linguistiche in Italia” en *Minoranze* 1, CIEMEN (aprile 1976), 18-24, especialmente p. 22. Este artigo aparece reproducido na parte segunda de Ulderico Bernardi, *Le mille culture. Comunità locali e partecipazione politica*, Coines Edizioni, Roma, 1976, 138-150. Citas posteriores referidas a S. Salvi están tiradas do artigo de *Minoranze*.

O rético italiano nunhas zonas está “xermanizado” (é o caso da variante *gardenese*) mentres que noutras se “italianiza”; cfr. Giovan Battista Pellegrini, “Considerazioni sociolinguistiche sul ladino centrale”, en *SLHE Coseriu*, V, 339-348. Sobre a minoría dolomítica véxase tamén Meic Stephens, “The Ladins of the Dolomites” en *World Minorities in the Eighties*, Third Vol. (1980), 78-81.

⁵ Véxase C. Tagliavini, *op. cit.*, 424-428 e mais Gaston Tuaille, “Le franco-provençal: progrès d’une définition” en *TLL*, X, 1 (1972), 293-339.

Na zona italiana o francoprovenzal foi adoptado no século XVI como lingua oficial no Val de Aosta e nalgúns vales da provincia de Turín. Segundo o sociolinguísta italiano Sergio Salvi (*op. cit.*, 21): “Oggi, lo stato italiano tutela soltanto i valdostani come minoranza di lingua francese. Tutti gli altri franco-provenzali appaiono privi di ogni tutela costituzionale. Il numero complessivo dei cittadini italiani di parlata franco-provenzale è valutato oggi in circa 100.000. Soltanto i valdostani usano la lingua francese. Esistono di uso scritto dei diversi patois, anche non valdostani, ed esperimenti recentissimi di una koiné franco-provenzale autonoma della lingua francese che è stata chiamata ‘arpitana’ ”.

“mediorrodanés”) é un grupo de variedades dialectais faladas no sudoeste de Francia, na Suíza francesa, no Val de Aosta italiano e mais en vales piemonteses da provincia de Turín. Este complexo dialectal, con forte individualidade lingüística en cada val, ten unha unidade exclusivamente lingüística: “nessuna delle varietà dialettali che lo compongono si innalzò mai alla dignità di lingua letteraria, né molto meno si formò mai una *koiné* atta a competere colle lingue d’oil e d’oc”⁶. Con todo, o dialecto da cidade suíza de Xenebra foi durante algún tempo “lingua ufficiale dell’antica repubblica genevrina, ma poi fu abbandonato volontariamente (esempio molto raro) in favore del Francese; esso anzi si è estinto completamente nella città e nei dintorni sulla riva destra del Lago Lemano e sopravvive solo nei comuni rurali”⁷.

O dalmático, que se falaba na costa da actual Dalmacia iugoslava, é hoxe un idioma latino totalmente morto. Na parte sur, en Ragusa (Dubrovnik en croata) durou ata fins do XV, mentres que máis ó norte, na illa de Veglia (Krk en croata) mantívose ata finais do XIX⁸. O dalmático parece que era unha lingua con poucos falantes, que en Veglia só se usaba en familia mentres que en Ragusa no ‘400 era obrigatoria nos consellos de estado e nos tribunais, se ben a nobreza na casa falaba tamén o croata⁹.

1.3. Un terceiro grupo fórmano *dialectos* coma o lombardo, o véneto, o umbro, o siciliano, o calabrés e tantos outros da Península Italiana, cunha elevada porcentaxe de falantes¹⁰ para os que a escola, a administración, os medios de comunicación se expresan en italiano, con base no dialecto da Toscana, variante neolatina que por motivos especialmente culturais acabou sendo a lingua oficial do estado. Lingüisticamente, estes dialectos

⁶ C. Tagliavini, *op. cit.*, 491.

⁷ *Ibid.*, 427-428.

⁸ Antonio Udina, alcumado Burbur, o derradeiro coñecedor do antigo dalmático de Veglia morreu en 1898. Segundo C. Tagliavini “oggi a Veglia non rimangono che pochissime parole di quest’antica parlata che è stata sostituita da una varietà veneto-giuliana e, specialmente, da un dialetto croato di tipo čakavo” (*op. cit.*, 375).

⁹ Ž. Muljačić, “Lingue romanze e lingue slave” en *XIV CILFR*, I (1978), 414.

¹⁰ Os “dialetti italo-romanzi” son falados polo 36% da poboación italiana fóra da casa e polo 46% en familia. As porcentaxes dos subagrupamentos dialectais, referidos ó total dos “dialetti italo-romanzi” e non ó total do censo italiano, son os seguintes: “dial. veneti”, 42/75; “dial. siciliani”, 35/73; “dial. merid. intermedi”, 28/56; “dial. mediani”, 12/31 e “dial. toscani”, 9/18. A cifra primeira refírese ó uso fóra da casa, mentres que a segunda é relativa ó uso en familia. Os datos están tirados do traballo de L. Còveri, “Lingua nazionale, dialetti...”, 86-87, citado na nota 3.

neolatinos teñen marcada personalidade respecto do toscano; nalgúns casos, a separación lingüística verbo do italiano pode ser tan grande como a existente entre linguas románicas diferentes, tal como demostrou o dialectólogo contemporáneo Giambattista Pellegrini: por exemplo, os dialectos da fronteira calabro-lucana están tan afastados do italiano como o está o romanés; os dialectos lombardo-piemonteses estano tanto coma o francés ou o español¹¹. En relación cos dialectos citados do segundo grupo, estes da Península Italiana non son vehículo dunha reivindicación cultural e nacional, aínda que algún fora cultivado literariamente (o siciliano e o umbro no Medioevo, o veneciano...); a reivindicación do piemontés é unha das escasas excepcións.

Dialectos latinos —e non da lingua histórica española— son os falares aragoneses e mailos que constitúen o complexo lingüístico asturleonés. O aragonés, falado por 8.000-12.000 persoas ó N de Huesca, foi moi estudado desde unha perspectiva esencialmente dialectolóxica; pero desde a década dos 60 hai intentos de superar ese enfoque puramente dialectal e crear un aragonés literario supradialectal¹².

Do complexo lingüístico asturleonés, falado en Asturias, Santander, León, Zamora, Salamanca, Cáceres e Badaxoz, hai que xebrar desde unha perspectiva sociolingüística o *dialecto* (ou *dialectos*) latino asturiano. Mentres fóra de Asturias o chamado leonés vai esmorecendo, camiño da desaparición, no Principado hai intentos de elaborar unha *llingua asturiana* supradialectal, con base fundamentalmente no asturiano central¹³.

¹¹ Cito por Tullio de Mauro/Mario Lodi, *Lingua e dialetti*, Ed. Riuniti, Roma, 1979, 19-20. Sobre o piemontés véxase Censin Pich/Guiu Sobiela-Caanitz, "La lingua piemontese" en *Informes XIII CILICA*, Uvieu (1987), 51-59). O idioma piemontés carece de protección oficial; a súa presenza nos medios de comunicación e na escola é escasa.

¹² Véxase ó respecto o "Informe sobre la situación actual del aragonés" de Franchó Nagore Laín en *Informes XIII CILICA*, Uviéu (1987), 133-147. Segundo este lingüista o número de falantes do aragonés é de 29.477, de acordo cos datos do censo de 1981. No que respecta á creación literaria, Nagore constata que no período 1971-80 os libros de poesía representan o 62% das obras publicadas e os de narración soamente o 19%, mentres que no período 1981-85 editouse un 45% de poesía e outro tanto de narración, alcanzando teatro e ensaio só un 5% cada un. Sobre o mapa lingüístico de Aragón, cfr. Manuel Alvar, "Modalidades lingüísticas aragonesas", en M. Alvar (coordinador), *op. cit.*, 133-141. Cfr. tamén respecto da situación aragonesa Anchel Conte et alii, *El aragonés: identidad y problemática de una lengua*, Librería General, Zaragoza, 1977. Nagore Laín, membro do Consello d'a Fabla Aragonesa e coautor desta obra, publicou en 1977 unha *Gramática de la lengua aragonesa*.

¹³ Sobre a tutela legal do asturiano, o artigo 4º do Estatuto de Autonomía de

1.4. Un cuarto grupo constitúeno *dialectos* latinos considerados tradicionalmente simples variantes lingüísticas doutras linguas románicas, pero que na actualidade, desde unha perspectiva fundamentalmente sociolingüística poden ser consideradas *linguas* de seu. Aquí incluímo-lo galego, o friulano e mailo corso, falados pola maioría dos habitantes de Galicia (e do Occidente de Asturias, León e Zamora), do Friuli (no nordeste do estado italiano) e da illa de Córcega (no estado francés).

Lingüísticamente, o galego está estreitamente emparentado co portugués, co que comparte unha fase común (a denominada *galego-portuguesa*), ata mediados do século XIV aproximadamente); o friulano é a variante oriental do complexo retorrománico e non unha variante dialectal do italiano, como teñen defendido algúns lingüistas italianos especialmente, por criterios máis ben alleos ós lingüísticos¹⁴; o corso é xeneticamente un dialecto toscano arcaico, variante de Pisa, co superestrato francés desde a anexión por Francia en 1768¹⁵. A problemática sociolingüís-

Asturias di ó respecto: "El bable gozará de protección. Se promoverá su uso, su difusión en los medios de comunicación y su enseñanza, respetando, en todo caso, las variantes locales y voluntariedad de su aprendizaje". Este artigo está desenvolvido normativamente nun "Proyecto de Ley de protección del bable", aínda non discutido no Parlamento autonómico á hora de redactar estas liñas (outubro de 1988), no que se establece o dereito dos cidadáns a "emplear el bable en su comunicación oral y escrita" (art. 5º), amais da obriga dos poderes públicos de fomentaren o uso do bable (6º.1) e da pretensión de introduci-lo nos diferentes niveis de ensino, aínda que respetando a voluntariedade da súa aprendizaxe (9º.2). No artigo 2º deste Proyecto especificase que "El régimen de protección y respeto establecido para el bable o asturiano se extenderá, mediante regulación especial, al astur-galaico en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia", en alusión ó occidente de Asturias que é de fala galega e non asturiana.

Sobre a problemática sociolingüística do asturiano poden verse os ensaios de X. Lluís García Arias, *Llingua y sociedad asturiana*, 1984². Máis recentes son os informes varios presentados ó XIII Conceyu Internacional de Llingües y Cultures Amenazaes, publicados pola Academia de la Llingua Asturiana en 1987, como xa se fixo mención. Son os seguintes: Ana M^a Cano González, "Averamiento a la hestoria de la llingua asturiana", 151-163; Ramón d'Andrés, "La situación social de la llingua asturiana", 165-183; X.L. García Arias, "A la gueta de la llingua estándar", 185-192, e Miguel Ramos Corrada, "Lliteratura asturiana", 193-200.

¹⁴ Sobre a "questione ladina" e a posición do friulano véxase C. Tagliavini, *op. cit.*, 377-387 e Giuseppe Marchetti, *Lineamenti di grammatica friulana*, Società Filologica Italiana, Udine, 1977, 17-19.

¹⁵ B.E. Vidos, *op. cit.*, 309-310 e A. Matio Melillo, *Corsica*, Consiglio Nazionale delle Ricerche/Centro di Studio per la Dialectologia Italiana, Pacini Editore, Pisa, 1977, 13-27. Verbo da posición do corso na Romania o sociolingüista Jean-Baptiste Marcellesi dicía o seguinte no Congreso de Aix-en-Provence, en 1983: "Dans un con-

tica, o estatus legal respecto do idioma estatal e o grao de estandarización da lingua son diferentes nestas tres nacións europeas sen estado, Galicia¹⁶, O Friuli¹⁷ e Córcega¹⁸; pero nos tres casos o idioma, secularmente marxi-

grès de romanistes, la volonté de faire enregistrer le corse comme l'une des "langues romanes" va nécessairement à contre-courant. La parenté génétique, historique et strictement intralinguistique du corse avec les systèmes linguistiques de la péninsule, de la Sicilie e de la Sardaigne n'est ignorée d'aucun linguiste ou homme sérieux même si, comme sur le sarde, il existe sur le corse tout un discours idéologique brochant sur la grande proximité par rapport aux langues ibériques à partir de faits isolés quoique indiscutables. Et c'est ce qui a permis à des dictionnaires (...) de définir le corse comme un "dialecte italien parlé en Corse" (...) A rebours notre position est que la langue n'est un critère ethnique ou national qu'avec d'autres, parfois après d'autres (c'est le cas pour le corse) même si ensuite ce critère devient surdéterminant (...). En effet les variations du corse ne sont pas seulement géographiques; elles sont aussi sociales et pendant longtemps l'idéologie des classes dominantes a valorisé pour des raisons évidentes le toscan comme forme de référence. Si bien que l'identité socio-linguistique est le dernier venu des traits individuateurs de la communauté socio-historique corse. Du moins au niveau de la conscience. Mais il est devenu surdéterminant" ("La définition des langues en domaine roman: les enseignements à tirer de la situation corse" en Actas do XVII CILPhR, 5 (1984), 310-311).

¹⁶ O Estatuto de Autonomía establece que "A lingua propia de Galicia é o galego" (artigo 5.1) e que "os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar" (5.2). Sobre o estado actual da normalización do galego véxase o traballo de Manuel González González, "La recuperación del gallego" en *Revista de Filología Románica*, III (1985), 101-119, reproducido en Aurora Juárez (ed.), *op. cit.*, 101-119; para unha síntese do proceso histórico cfr. Constantino García, "Vicisitudes históricas en el desarrollo del gallego", en M. Alvar (coordinador), *op. cit.*, 73-85.

¹⁷ Os aproximadamente 700.000 falantes friulanos que caracterizan "la quasi totalità della provincia di Udine, buone parti delle province di Pordenone (42 comuni) e di Gorizia (15 comuni) nonché comuni della provincia di Venezia" non teñen ningunha tutela constitucional. "A livello scritto, si usano varianti di una koiné non ancora normalizzata basata sul friulano centrale e, sporadicamente, i vari dialetti" (Sergio Salvi, *op. cit.*, 22). Esta "minoría", ó igual cá sarda e moitas outras do estado italiano, non existe oficialmente, a pesar de que o artigo 6 da Constitución italiana di que "La Repubblica tutela con apposite norme le minoranze linguistiche".

Sobre a problemática sociopolítica e sociolingüística do Friuli pode verse Zorz Cavallo/Adrian Cescje, *La nazione Friuli. Una interpretazione di parte della storia politica culturale e ideologica del Friuli attuale*, Centro Editoriale Friulano, Udine, 1980, especialmente o traballo de A. Cescje, "Alcuni dati sul dibattito attuale in ordine alle categorie della lingua e della nazionalità", 79-103.

Esta minoría é tratada nun artigo por Meic Stephens, "The Friulans" en *World Minorities*, Second Vol. (1978), 48-50. Sobre a actual produción literaria véxase Domenico Zannier, "La letteratura friulana moderna", en V. Bernardi, *op. cit.*, 212-234.

nado, é o principal sinal de identidade co que se pretende vehiculizar unha cultura propia.

Sociolingüísticamente, o actual occitano¹⁹ e o sardo deberían pasar a este cuarto grupo, pois nestas dúas nacións sen estado hai unha problemática semellante á de Galicia, O Friuli e Córcega (problemas de reivindicación do uso legal do propio idioma; problemas de estandarización, especialmente no caso sardo, etc.).

As linguas deste cuarto grupo, dunha importancia capital para a sociolingüística románica, están todas elas nun proceso de constitución ou de se facer recoñecer. Son as “langues polynomiques” de Marcellesi, isto é, “langues dont l’unité est abstraite et résulte d’un mouvement dialecti-

¹⁸ O corso, excluído como “langue régionale” na Lei Deixonne de 1951, foi considerado como tal en 1974, segundo Marcellesi. “En 1974 le corse était à son tour reconnu comme “langue régionale” au même titre que le breton, le basque, le catalan et l’occitan, les institutions entérinant ainsi une revendication (celle des corses) et un état de fait (existence d’un enseignement, d’ouvrages pédagogiques et/ou commerciaux, et depuis plus longtemps d’une littérature écrite renforçant une tradition orale aux origines lointaines” (*op. cit.*, 313).

Sobre a minoría corsa véxase G.A., “The Corsicans” en *World Minorities*, Vol. One (1987), 55-57, e J.B. Stromboni, “Langue et culture corses” en *Informes XIII CILICA*, Uviéu (1987), 61-65. O idioma corso fálanos na illa de Córcega e no norte de Sardeña unhas 250.000 persoas, así como unha cantidade superior a esa no territorio continental francés.

¹⁹ Para a actual “cuestion occitana” e a problemática sociopolítica e sociolingüística véxase Robert Lafont, *Clefs pour l’Occitanie*, Seghers, Paris, 1971; Philippe Gardy, “La langue occitane” en *Minoranze*, 11-12, CIEMEN (1978), 18-27; Pèire Lagarda, “Movimenti culturali e politici in Occitania” en *Minoranze*, 11-12 (1978), 28-36; Emma Duncan, “France: Alsace-Lorraine and Occitania” en *World Minorities*, Second Vol. (1978), 41-48; Georg Kremnitz, *Das Okzitanische Sprachgeschichte und Soziologie*, Niemeyer, Tübingen, 1981; L’Institut d’Études Occitanes, *Pour l’occitan et pour l’Occitanie*, 1981; Pierrett Berenguer, “La langue d’Oc” en *Informes XIII CILICA*, Uviéu (1987), 101-111. Sobre a lingua e a literatura occitana cfr. Fausta Garavini, *L’empèri dóu souleu. La ragione dialettale nella Francia d’Oc*, Riccardo Ricciardi, Milano/Napoli, 1967, e da mesma autora, *La letteratura occitanica moderna*, Sansoni-Accademia, Milano, 1970; Pierre Bec, *Manuel pratique d’occitan moderne*, Picard, Paris, 1973. Sobre o colonialismo político e lingüístico en Francia, cfr. Robert Lafont, *Décoloniser en France. Les régions face à l’Europe*, Gallimard, 1971 e L.-J. Calvet, *Linguistique et colonialisme. Petit traité de glottophagie*, Payot, Paris, 1974, especialmente o cap. VII (“Le colonialisme linguistique en France”, 161-185).

Na Península Italiana existe unha minoría de fala occitana, uns 200.000 falantes nas provincias piemontesas de Turín e Cuneo e na provincia ligur de Imperia, ós que hai que engadir unha “illa” na Calabria. Cfr. Sergio Salvi, *op. cit.*, 22. Véxase tamén o traballo de Osvaldo Coison, “Le parlate provenzaleggianti del Piemonte”, en V. Bernardi, *op. cit.*, 151-169.

que et non de la simple ossification d'une norme unique, et dont l'existence est fondée sur l'affirmation massive de ceux qui le parlent, de lui donner un nom particulier et de la déclarer autonome des autres langues reconnues"²⁰. Son as *linguas ausbau* ("linguas por elaboración") en contraposición ás *linguas Abstand* ("linguas por distanciamiento"), segundo a terminoloxía de Heinz Kloss²¹ e as "langues en voie d'émancipation" de Klaus Bochmann²².

Despois deste agrupamento dos diferentes dialectos neolatinos, contestar á pregunta ¿cales deles son realmente *linguas* románicas e cales *dialectos*? non é doado. Lingüísticamente só hai *dialectos neolatinos*; pero de combinarmos criterios lingüísticos con criterios políticos, culturais, históricos e literarios, todos eles extralingüísticos, daquela si que podemos separar *linguas estandarizadas* e *dialectos románicos*, algún deles camiño da estandarización²³.

A barreira entre uns e outros ás veces é difícil de establecer, ó seren os criterios extralingüísticos máis cós lingüísticos os definitorios²⁴. Isto

²⁰ J.B. Marcellesi, *op. cit.*, 314.

²¹ Véxase ó respecto a nota 56.

²² K. Bochmann, "Quel modèle de développement lexical pour les langues romanes en voie d'émancipation" en *Actas do XVII CILPhR*, 2 (1985), 193 e ss.

²³ Sobre os conceptos de "lingua" e "dialecto" poden verse, entre outros, os traballos de M. Alvar, "Hacia los conceptos de lengua, dialecto y hablas" en *NRFH*, XV, 1-2 (1961), 51-60 e "Lengua, dialecto y otras cuestiones conexas" en *LEA*, I/1 (1979), 5-29; E. Coseriu, "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología" en *LEA*, III/1 (1981), 1-32; Antoni M. Badia i Margarit, "Entorn dels conceptes de 'Llengua' i 'Dialecte' aplicats sobretot al català", en *SLHE Coseriu*, V, 19-25; Lluís B. Polanco Roig, "Llengua o dialecte: solucions teòriques i aplicació al cas català" en *Actas do XVII CILPhR*, 5 (1984), 15-30. Máis recente é o artigo de José J. Montes, "La definición de 'dialecto'" en *LEA*, X/1 (1988 = Homenaje a Julio Fernández Sevilla), 55-59.

²⁴ A diferenza entre *lingua* e *dialecto*, como moi ben di C. Tagliavini na súa obra xa citada *Le origini delle lingue neolatine* (p. 356) é un problema de índole esencialmente práctica e non científica, e pode ser consecuencia de factores históricos e políticos, do que o holandés é unha boa mostra. "Se domani, per ipotesi, la Repubblica di San Marino emanasse un decreto per cui la lingua nazionale e ufficiale nel territorio del suo minuscolo Stato fosse, dalla data x, la parlata locale, il dialetto romagnolo di San Marino potrebbe diventare, agli effetti pratici, una "lingua ufficiale", ma non cesserebbe per questo di appartenere alla famiglia delle parlate emiliano-romagnole, sezione dei dialetti gallo-italici. Se non vi fossero ragioni storiche e tradizioni letterarie secolari che hanno fatto del Neerlandese una lingua nazionale, da un punto di vista puramente glottologico il Neerlandese potrebbe essere considerato un dialetto basso-tedesco. Naturalmente anche qui influiscono considerazioni di ordine politico,

explica a existencia de “linguas-guadiana” que aparecen e desaparecen nas clasificacións levadas a cabo na historia da romanística.

A relatividade destes conceptos parece ser unha constante en lingüistas e sociolingüistas modernos. Tal é o caso de Žarko Muljačić, para quen o *quantum* de distancia necesario entre as linguas non pode definirse por ser moi relativo; segundo este sociolingüista, as distancias entre as LE [linguas por elaboración] escandinavas son notoriamente menos grandes cáas existentes entre os dialectos italianos e a LE [lingua por elaboración] italiana²⁵.

2. O GALEGO NOS ESTUDIOS ROMANISTICOS

Desde o nacemento da lingüística románica científica coa publicación en 1836 da *Gramática das linguas románicas* do alemán Friedrich Diez²⁶ ata a publicación dun dos manuais de romanística máis recentes, o de L. Renzi²⁷, é xeral o recoñecemento dunha fase *galego-portuguesa*, unha fase lingüística común para os dialectos latinos do norte e do sur do Miño, que ten a súa principal manifestación na lingua literaria dos

mutevoli secondo i tempi. Un esempio notevolissimo è quello della pretesa lingua moldava; naturalmente se si ammette che il Moldavo, praticamente uguale al di qua e al di là del Prut, è una varietà romanza parallela ma indipendente dal Rumeno, a maggior ragione si dovranno ritenere lingue romanze orientali indipendenti l'Arumeno, il Meglenorumeno e l'Istrorumeno, come fanno oggi alcuni linguisti rumeni”.

²⁵ Ž. Muljačić, “L’enseignement de Heinz Kloss (modifications, implications, perspectives)” en *Langages*, 83 (septembre 86), 59.

²⁶ F. Diez, *Grammatik der romanischen Sprachen*, publicada en Bonn entre 1836 e 1843 (hai versión ó francés, por A. Brachet, A. Morel-Fatio e G. Paris, París, 1874-1876, 3 vols.). Manexei a 5ª ed. en alemán (Bonn, 1882, 3 vols.) e a 3ª ed. en francés (París, vols. I e II, 1874; vol. III, 1876, reimpresión). Unha breve panorámica sobre a posición do galego respecto do portugués na historia da romanística, de Diez e Gröber á actualidade, pode verse en Constantino García, *Galego onte, galego hoxe. Discurso inaugural lido na solemne apertura do curso académico 1977-78*, Universidade de Santiago, 1977, especialmente 30-36 (“O galego lingua esquencida”). Este discurso reproducíuse posteriormente en C. García, *Temas de lingüística galega*, Bibl. Gallega, Ed. La Voz de Galicia, 1985, 35-108. Cfr. tamén P. Vázquez Cuesta, “A propósito de la gramática gallega de Carballo Calero”, en *Grial*, 16 (1967), 192-196, especialmente 192-194, nas que a autora se refire á precaria situación do galego nos manuais de lingüística románica.

²⁷ L. Renzi, *Nuova introduzione alla filologia romanza*, Il Mulino, Bologna, 1985. O autor tivo como colaborador a Giampaolo Salvi.

séculos XIII-XIV, coa que se expresaba a lírica ibérica trovadoresca. Para tódolos romanistas o actual galego e o actual portugués teñen a mesma orixe; motivos políticos (e literarios) fixeron que a variante *galego-portuguesa* (ou *galega medieval* ou *portuguesa medieval*) de Entre-Douro-e-Mínho se expansionase cara ó Algarve e que se convertese nunha lingua de cultura, coa posterior proxección e expansión ultramaríña, mentres que o *galego-portugués* falado entre Ortegal e o Miño acabou caendo na órbita política española, permanecendo durante varios séculos como un “dialecto asilvestrado”, influído pola lingua cultural española.

A práctica totalidade dos romanistas limítase a salienta-la existencia desa fase medieval *galego-portuguesa*, á vez que indica que o galego, falado no estado español, é un dialecto portugués, aínda que tamén hai quen o sitúa entre os dialectos do español. En tódolos manuais hai unha ausencia de caracterización lingüística dese “dialecto portugués”, explicable polo descoñecemento xeral da situación lingüística de Galicia entre os romanistas. Téñase en conta que o traballo do alemán H. Schneider sobre a Limia Baixa²⁸, que marca o inicio das investigacións en profundidade dunha zona do territorio lingüístico galego, é de 1938; que os artigos de Zamora Vicente sobre o seseo, a gheada, a terminación *-ao / -án* e os grupos *-uit- / -oit-* son de 1951, 1952, 1953 e 1963, respectivamente; e que a revista *Verba* da Universidade Galega, cos seus anexos, onde se publicou parte da investigación feita sobre o galego na Facultade de Filoloxía e no Instituto da Lingua Galega (fundado en 1971) é de 1974. Así e todo, hai que salientar que antes das investigacións de Schneider editáranse gramáticas e dicionarios do galego moderno, V. García de Diego publicara os *Elementos de gramática histórica gallega* (1909) e fixéranse investigacións dialectais, especialmente no galego exterior, como as de B. Acevedo Huelves e M. Fernández Fernández, que recolleron léxico do galego de Asturias, e as de F. Krüger sobre o galego de Zamora e outros puntos do galego oriental²⁹.

²⁸ H. Schneider, “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense, Spanien)” en *VKR*, XI (1938), 69-145 e 193-281.

²⁹ Cfr. A. Santamarina, “Diccionarios” en *Gran Enciclopedia Gallega*, T. 9, 90-92; “Gramática” en *Gran Enciclopedia Gallega*, T. 16, 191-195. Para os traballos de Zamora Vicente véxase a reedición feita en A. Zamora Vicente, *Estudios de dialectología hispánica*, anexo 25 de *Verba*, 1986; sobre os traballos de B. Acevedo e M. Fernández, F. Krüger e outras investigacións dialectais, cfr. *Bibliografía dialectal galego-portuguesa*, Centro de Lingüística das Universidades de Lisboa, Lisboa, 1976, 17-25. A gramática de García de Diego foi reeditada en 1984 pola revista *Verba* (anexo 23).

Nas primeiras liñas da súa gramática, Friedrich Diez fai unha división en seis linguas románicas (italiano, válaco, español, portugués, provenzal e francés³⁰), combinando criterios filolóxicos e literarios máis que lingüísticos con criterios políticos e xeográficos. Para Diez o galego e o portugués son unha soa lingua, como tamén o son o catalán e mailo provenzal³¹.

³⁰ "Sechs romanische Sprachen ziehen von Seiten grammatischer Eigenthümlichkeit oder litterarischer Bedeutung unsre Aufmerksamkeit auf sich: zwei östliche, die italienische und walachische; zwei südwestliche, die spanische und portugiesische; zwei nordwestliche, die provenzalische und französische. Alle haben ihre erste und vornehmste Quelle in der lateinischen. Aber nicht aus dem classischen Latein, dessen sich die Schriftsteller bedienten, flossen sie, sondern, wie schon vielfach und mit Recht behauptet worden, aus der römischen Volkssprache oder Volksmundart, welche neben dem classischen Latein im Gebrauche war, und zwar, wie sich versteht, aus der spätlateinischen Volksmundart" (*op. cit.*, I, 1).

³¹ Das Spanische erstreckt sich als Volkssprache nicht über das ganze Königreich, indem der Nordwesten zum portugiesischen, der Osten zum provenzalischen Zweige gehört, und überdies in Biscaya, Guipuzcoa, Alava und einem Theile von Navarra baskisch geredet wird. (*Ibid.*, I, 79).

Ó analiza-lo dominio portugués fai unha breve referencia ó galego: "Das Sprachgebiet [da lingua portuguesa] begreift ausser Portugal auch Gallicien; vom Asturischen war schon die Rede (p. 78), Portugiesisch und Gallicisch (*galliziano, gallego*) aber sind, wie auch einheimische Gelehrte anerkannt und namentlich aus Urkunden beider Länder bewiesen haben (vgl. Dieze zu Velazquez S. 96), eine und dieselbe Sprache. Und allerdings, prüft man die wenigen uns überlieferten Denkmäler älterer Zeit, die man gallicisch nennen darf, d. h. die Urkunden aus dieser Provinz, desgleichen die *cantigas* des castilianischen Alfons X. und die Lieder des spätern Macias, so wird man wenige Formen von einiger Erheblichkeit finden, welche nicht auch die altportugiesischen Sprachproben gewährten. Doch wird sich das Idiom der mit Spanien verbundenen Provinz allmählich von seiner alten Gestalt entfernt haben". (*Ibid.*, I, 82). Fóra desta referencia, o galego non existe para Diez máis que moi anecdoticamente; por exemplo, cando trata o sustantivo e o artigo en portugués fai a falsa afirmación "Im Gallicischen war *el* neben *o* einheimisch" (*op. cit.*, II, p. 426), xa que o artigo galego é *o*, cun alomorfo *-lo* (e *-no*), e só na área dos Ancares de León existe *o* e *el*; na área galego-asturiana o artigo é *l*, cun alomorfo *el*. No galego medieval existe *el*, pero acompañando a sustantivos como *rei*.

Respecto da posición do catalán, na 2ª ed. de *Grammatik* xa non o considera dialecto do provenzal, senón lingua independente pero ligada á provenzal, para logo na 3ª ed. dicir que non é propiamente un dialecto occitano senón idioma de seu, aínda que próximo ó provenzal (cfr. nota 2, p. 286, do citado *Manual* de B.E. Vidos).

Na 5ª ed., que é a que manexei, Diez afirma o seguinte verbo do catalán: "Die catalanische Sprache, denn so dürfte man nach der zunächst liegenden Provinz die über den spanischen Osten und die Inseln so wie über die französische Landschaft Roussillon verbreitete nennen, steht zur provenzalischen nicht eigentlich im Verhältnisse einer Mundart: sie ist vielmehr ein selbständiges mit ihr zunächst verwandtes Idiom, und nie hat man in dem Lande, wo sie geredet wird, wie viele seiner Dichter

Wilhelm Meyer-Lübke, baseándose en criterios máis lingüísticos que filolóxicos, establece nove linguas románicas na súa *Einführung in das Studium der romanischen Sprachwissenschaft* (1901): romanés, dalmático, rético, italiano, sardo, provenzal, francés, español e portugués³². O galego sitúao este lingüista alemán entre os dialectos do portugués, a carón do portugués do norte, portugués do sur, azorés, madeirés e mirandés³³.

auch provenzalisch sangen, diese Sprache als die litterarische anerkannt. Freilich konnte sie sich der Einwirkung der provenzalischen nicht erwehren: mindestens um die Mitte des 14. Jh. fieng man an, Formen und Ausdrücke aus derselben in die Litteratur einzuführen" (*op. cit.*, I, 93).

³² Manexei a versión española, *Introducción a la lingüística románica*. Versión da 3ª ed. alemá (Heidelberg, 1920), con notas e adicións de Américo Castro, Publ. da RFE, Madrid, 1926. Anos antes, na introducción da *Grammatik der romanischen Sprachen*, W. Meyer-Lübke sinalaba a existencia de sete linguas literarias, no canto das seis de Diez: "Seit F. Diez pflegt man sechs romanische Sprachen zu unterscheiden: Rumänisch, Italienisch, Provenzalisch, Französisch, Spanisch, Portugiesisch. Rücksichten teils auf die Litteratur, teils auf die politischen Verhältnisse sind dabei massgebend. Einzig seiner litterarischen Bedeutung im Mittelalter hat das Provenzalische und im Grundriss auch das Katalanische seine eigene Stellung zu verdanken, einzig der politischen Selbständigkeit das Rumänische. Das Rätoromanische, das weder eine politische noch eine litterarische Rolle spielt, ist deshalb von Diez nur ganz nebenbei behandelt. Und doch bewahrt der Räter in Graubünden eine grössere Selbständigkeit als z. B. der Südfranzose: während jener das Französische als Schriftsprache anerkennt, der er ohne weiteres seinen Dialekt unterordnet, ist dem Engadiner sein Engadinisch Schriftsprache, die mit dem Italienischen auf einer Stufe steht, nicht ihm nachsteht, in der er seine Zeitungen liest u. s. w. Von diesem Standpunkt aus betrachtet würden wir also als romanische Schriftsprachen erhalten: R u m ä n i s c h, R ä t i s c h, I t a l i e n i s c h, A l t p r o v e n z a l i s c h, F r a n z ö s i s c h, S p a n i s c h, P o r t u g i e s i s c h. Unter diesen steht wieder das Provenzalische dem Französischen, das Portugiesische dem Spanischen besonders nahe, so dass im folgenden, wo nicht verschiedene Lautentwicklungen stattfinden, die französischen Beispiele zugleich fürs Provenzalische, die spanischen zugleich fürs Portugiesische dienen sollen." (Vol. I, Leipzig, 1890, 7-8; reimpresión de Georg Olms, Hildesheim-New York, 1972; hai versión ó francés, *Grammaire des langues romanes*, 4 vols., 1890-1906, traducida por Eugène Rabet e por Auguste e Georges Doutrepoint. Reimpresión de Slatkine/Laffitte, Genève-Marseille, 1974).

Obsérvese que Meyer-Lübke, a figura máis importante da historia da romanística non considera que o catalán sexa unha lingua románica nin na *Grammatik* (1890) nin na *Einführung* (1901); só nun traballo publicado en 1925 (*Das Katalanische. Seine Stellung zum Spanischen und Provenzalischen sprachwissenschaftlich und historisch dargestellt*, Heidelberg), reconecerá a independencia do catalán como lingua románica. Cfr. Vidos, *op. cit.*, 291 e ss.

³³ W. Meyer-Lübke, *Introducción a la lingüística románica*, 53. Na versión española, A. Castro sitúa o mirandés entre os dialectos do español, por tratarse dun subdialecto do leonés, e non entre as variantes do portugués, como fai o romanista alemán.

Carlo Tagliavini, na súa obra xa citada *Le origine delle lingue neolatine* (1949), ó clasifica-las linguas románicas só considera linguas iberorrománicas o catalán, o español e mailo portugués³⁴. Para este romanista italiano o galego é unha variedade neolatina estreitamente afín á portuguesa:

Os lingüistas romaneses Iorgu Iordan e Maria Manoliu, redactores dunha *Introdúcere în lingvistica romanică* (1965), fan unha consideración do galego como variante dialectal portuguesa semellante á de Meyer-Lübke: “El portugués se habla en Portugal, en el noroeste de España (región de Galicia) y en las islas Azores y de Madeira, en el Océano Atlántico. Las subdivisiones dialectales que suelen hacerse son: a) *portugués del norte*; b) *portugués del sur*; c) *azorés*; d) *maderés* y e) *gallego*. Hay también una lengua judeo-portuguesa: los hebreos de Portugal, expulsados del país, se instalaron en Holanda, donde conservan hasta hoy su idioma materno” (citamos pola traducción española feita por M. Alvar, *Manual de lingüística románica*, —revisada e reelaborada parcialmente— 2 vols., Gredos, 1972; I, 108). Na versión italiana, *Lingüística romanza*, ó coidado de A. Limentani e traducida por M. Lörinczi Angioni (Liviana Ed., Padova, 1974) a clasificación dos dialectos é como segue: “a) *mirandese*, b) *portoghese settentrionale*, c) *portoghese meridionale* (tutti e tre in Portogallo); d) *delle Azzorre*; e) *di Madera*; f) *gallego*. Existe anche una lingua giudeoportoghese” (p. 58).

³⁴ C. Tagliavini, *op. cit.*, 354. Existe unha versión ó español de J. Almela, *Orígenes de las lenguas neolatinas. Introducción a la filología románica*, Fondo de Cultura Económica, México, 1973; e tamén ó alemán, feita por R. Meisterfeld e U. Petersen, *Einführung in die romanische Philologie*, Verlag C.H. Beck, München, 1973.

A clasificación lingüística da Romanía que establece Tagliavini é das máis logradas que se teñen levado a cabo na historia da romanística. Este lingüista ten en conta a repartición xeográfica, os sustratos e moitos outros criterios, e de aí o establecemento de catro grandes bloques lingüísticos (balcanorrománico, italarrománico, galorrománico e iberorrománico). A transición entre os bloques establécese por medio de “linguas-ponte”.

Esta “Romanía continua”, implícita en Tagliavini, aparece claramente expresada por Amado Alonso nun artigo que se publicou por primeira vez na *Miscel.lània Fabra*, Buenos Aires, 1943, titulado “Partición de las lenguas románicas de Occidente”, reproducido logo en *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, Gredos, Madrid (manexo a reimpresión de 1974 da 3ª ed. de 1967). A. Alonso, tendo en conta o dobre criterio de romanización inicial e o grao de fidelidade posterior á tradición latina (p. 99), establece unha “Romanía continua” formada na actualidade polo portugués, leonés, castelán, aragonés, catalán, provenzal e gascón, “una familia estrechamente unida”, á que se pode engadi-lo italiano, pola fidelidade ó latín (p. 105). O francés queda fóra desa “Romanía continua” polas profundas transformacións que sufriu o latín do N da Galia, pola acción do sustrato celta e do superestrato xermánico; tamén queda fóra o romanés, polo illamento xeográfico, pola súa existencia dialectal e o influxo de linguas extrañas (p. 98). Neste traballo, no que A. Alonso trata de situa-lo catalán respecto das linguas iberorrománicas e das galorrománicas, o autor non ten en conta o galego, como pode observarse na “familia” de linguas (ou dialectos) neolatinos que considera estreitamente unida.

“Il Portoghese arcaico, prescindendo da alcune particolarità dialettali, è intimamente connesso con il Gallego, ossia coll’idioma della Galizia, che dagli autori italiani è spesso chiamata “Galiziano”, termine che può far nascere però qualche confusione (altri, come il TAVANI, preferiscono la grafia *Galego*, corrispondente a quella portoghese). Questo periodo, che comprende le prime fasi delle due varietà neolatine strettamente affini fra loro (Portoghese e Gallego), si chiama generalmente periodo gallego-portoghese”³⁵.

Tagliavini, seguindo a clasificación que en 1901 fixera J. Leite de Vasconcellos dos dialectos portugueses³⁶, sitúa o galego entre os codialectos portugueses, a carón do riodonorés, quadramilés e mirandés, subdialectos estes do leonés³⁷.

W.D. Elcock³⁸, nun manual editado en 1960, establece un grupo hispanorrománico semellante ó de Tagliavini, formado polo español, o portugués e mailo catalán. Este lingüista afirma que, mentres o portugués se consolidou historicamente como lingua, o galego dexenerou converténdose nun *patois*, aínda hoxe falado por bo número de falantes, e mesmo cultivado literariamente por entusiastas locais³⁹. O manual deste romanista inglés é unha obra seria e actualizada, na que o seu actor demostra un descoñecemento absoluto da realidade lingüística e sociolingüística do norte do Miño.

³⁵ C. Tagliavini, *op. cit.*, 440.

³⁶ J. Leite de Vasconcellos, *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, Paris-Lisboa, 1901. Hai unha 2ª ed., con aditamentos e correccións do autor, preparada por M^a Adelaida Valle Cintra, Centro de Estudios Filológicos, Lisboa, 1970.

³⁷ C. Tagliavini, *op. cit.*, 443-446.

³⁸ W.D. Elcock, *The Romance Languages*, Faber and Faber, London, 1960. Hai unha versión italiana realizada por Alessandra Lanciani, *Le Lingue Romanze*, L.U. Japadre Editore, L'Aquila, 1975.

³⁹ “Like the Catalans in the east of the Peninsula, the Portuguese turned their attention to the sea and soon became a great maritime nation. Meanwhile, the frontier on the Minho hardened, the Galicians having thrown in their lot with Castile. Not, however, until the mid-fourteenth century was there any marked difference between the speeches of the two regions. Thereafter, the speech of the central territory between Coimbra and Lisbon became gradually accepted as a Portuguese standard, though it was left to the sixteenth century to consolidate it as such, to the great national poet Luís de Camões (A.D. 1525-80) and to those grammarians who ‘defended’ Portuguese—in particular João de Barros (*Dialogo em louvor da nossa linguagem*, A.D. 1540) and Pedro de Magalhães de Gandavo (*Dialogo em defensam da lingua portuguesa*, A.D. 1574)—and who, in doing so, sought to make it as different as possible from Spanish. Galician, in the meantime, degenerated to a *patois* status; it is still widely spoken and practised as a literary cult by local enthusiasts.” (*Ibid.*, 428, as cursivas son miñas).

O húngaro nacionalizado holandés B.E. Vidos, uns anos antes que Elcock, consideraba que o portugués, que ten a súa orixe no galego-portugués, coa independencia política convertérase nunha lingua románica, mentres que o galego, por carecer desa independencia, quedara como dialecto español⁴⁰.

En 1963, Heinrich Lausberg, autor dun moderno manual de Lingüística Románica, de consulta imprescindible para calquera estudioso da romanística, non fai referencia a ningún fenómeno lingüístico propio do galego na detalladísima análise de tódalas linguas e dialectos neolatinos. As referencias ó noso idioma están na introducción, cando se refire á orixe do portugués⁴¹.

⁴⁰ B.E. Vidos, *op. cit.*, 274: "Pero hay otros casos en que los mismos criterios resultan completamente arbitrarios. El provenzal y el catalán, que pueden alardear de una unidad cultural muy antigua y de una espléndida y original literatura, son considerados como lenguas y no como dialectos, aunque no se hablan en un territorio políticamente independiente. El provenzal y el catalán, pues, son considerados lenguas romances aun no teniendo independencia política, por tener independencia cultural y literaria.

Por el contrario, el portugués, nacido del gallego-portugués (en la Lusitania septentrional), con la independencia política se ha convertido en una lengua románica, mientras que el gallego (hablado en la antigua provincia de Galicia en el extremo noroeste de España) sin independencia política ha quedado como un dialecto español, a pesar de que en su fase más antigua el gallego formase una unidad con el portugués y que la lengua de los trovadores galicianos que se encontraban también en la corte de los reyes portugueses casi no se distinguiese del portugués de entonces. Si Portugal no hubiese conservado su independencia política y hubiese formado parte de la monarquía española no solo en un breve período, entre 1580 y 1640, sino también después, el portugués, a pesar de su literatura original y de la poesía independiente gallego-portuguesa, sería hoy, como el gallego, un dialecto español fuertemente hispanizado, y no una lengua románica independiente. Así pues, en el caso del portugués y del gallego el criterio político puede ser determinante, mientras que en el caso del provenzal y del catalán no lo es, para saber si se trata de un lengua o de un dialecto".

A versión orixinal en holandés *Handboek tot de romaanse taalkunde* (1956) fora posta en italiano por G. Francescato, que a publicou na colección do *Archivum Romanicum* de Florencia (1959). Sobre esta versión italiana fixo F. de B. Moll a tradución española editada por Aguilar, á que corresponden tódalas citas relativas ó *Manual* de B.E. Vidos.

⁴¹ Heinrich Lausberg, *Romanische Sprachwissenschaft*, I, *Einleitung und Vokalismus*, W. de Gruyter, Berlin, 1963, 51: "Das Portugiesische ist die Schriftsprache Portugals, seiner Besitzungen und Brasiliens. Es beruht ursprünglich auf dem Dialekt Galiziens (in der Nordwestecke der Halbinsel), das heute als immer bei der asturisch-leonesischen (und später kastilischen) Krone verbliebenes Territorium selbst zum Geltungsbereich der span. Schriftsprache gehört. —Die südl. galizische Grenzmark, die 1095 selbständig gewordene Grafschaft (seit 1139 Königreich) Portugal an der

O americano Robert A. Hall, Jr. ó clasifica-las linguas románicas, no apartado do iberorromance occidental considera que o constitúen dous estándares lingüísticos, o galego e o portugués. Este, á súa vez, presenta dúas variantes, a peninsular e a brasileira⁴². As subvariedades do galego inclúeas Hall no grupo dialectal portugués da zona setentrional, xunto cos falares de Entre-Douro-e-Minho⁴³, o que me parece totalmente acertado.

O italiano Lorenzo Renzi, que segue a clasificación feita por Tagliavini, nun manual recente (1985), no apartado do portugués empeza explicando o dobre significado do concepto galego-portugués: a) lingua literaria medieval, b) grupo lingüístico formado por dúas linguas, a galega e a portuguesa⁴⁴; pero no apéndice de mapas lingüísticos (pp. 395 e ss.), no ma-

Douromündung, trägt bis zur Mitte des 13.Jh. bereits die Reconquista bis an die Südgrenze des heutigen Portugal und verbreitet über dieses Gebiet den galiz. Grenzdialekt, der für die Lyrik im Mittelalter auch im kastil. Bereich Verwendung fand.

Die Sprache des Mittelalters nennt man Altportug. (Nachahmung der prov. Trobadorpoesie 13./15.Jh.) die der Neuzeit Neuportug. (Gil Vicente 15./16.Jh., Luis de Camões 16.Jh.).— Die heutige portug. Schriftsprache hat die Sprechweise der Hauptstadt Lissabon (seit 15.Jh., vorher Coimbra) zur Grundlage.

Der portug. Sprachraum ist —da Kolonialboden— mundartlich nur schwach gegliedert. Die Gliederung entspricht ungefähr der politischen Provinzeinteilung, wobei die nördl. Dialekte (zwischen Douro und Minho) dem eigentlichen Galizischen naturgemäss am nächsten stehen.—”.

Este tomiño de fonética (hai 2ª ed. revisada de 1963 e unha 3ª de 1969), ó igual có tomiño do consonantismo (II. *Konsonantismus*, W. de Gruyter, Berlin, 1956; 2ª ed. revisada, 1967) e os dous de morfoloxía (III. *Formenlehre*, 1ª e 2ª partes, W. de Gruyter, Berlin, 1962) foron traducidos ó español por J. Pérez Riesco e E. Pascual Rodríguez, *Lingüística Románica*, I [*Fonética*], 1965; II. *Morfología*, 1966; hai tamén unha traducción ó portugués feita por M. Ehrhardt e Mª L. Schemann, *Linguística Románica*, Fund. Calouste Gulberkian, 1981².

A versión italiana, *Linguistica romanza*, I. *Fonetica*, II. *Morfologia*, Feltrinelli, Milano, 1971, foi realizada por Nicolò Pasero. O propio H. Lausberg ampliou e revisou esta traducción.

⁴² R.A. Hall, Jr., *External history of the romance languages*, Elsevier Publ., New York-London-Amsterdam, 1974, 22-23.

⁴³ “The dialects of Western Ibero-Romance are divided into:

a) Northern, including the Galician subvarieties and those of northern Portugal: Tras-os-Montes, and the dialects of the Entre-Douro-e-Minho (known as “interamneses”): Minhoto alto, Minhoto baixo, Duriense alto, and Duriense baixo” (*ibid.*, 23).

⁴⁴ “Il galego-portoghese. Sotto la denominazione di galego-portoghese si racchiude un concetto duplice: da una parte essa indica la lingua letteraria che, nei sec. XIII e XIV, è servita come mezzo di espressione alla lirica iberica di ispirazione trovadorica (...). Essa ha la sua base nei dialetti parlati nel nordovest della penisola (Galizia e nord del Portogallo). D’altro lato questa denominazione indica il gruppo

pa I, relativo á extensión das linguas románicas en Europa, inclúe o galego dentro da lingua portuguesa. As linguas que considera son as seguintes: portuguesa, española, catalana, francesa, franco-provenzal, provenzal, sarda, italiana, romanche (e ladino friulano), dalmática e romanesa.

Martin Harris e Nigel Vincent acaban de editar un moderno manual no que se fai unha detallada caracterización fonolóxica, morfolóxica, sintáctica e léxica do latín, das linguas románicas (español, portugués, catalán, francés, occitano, italiano, sardo, retorrománico, romanés) e dos crioulos románicos. Ó galego adícanse unicamente unhas liñas na introducción da análise lingüística do portugués, na que Stephen Parkinson explica o termo galego-portugués e a existencia de dúas linguas despois de 1350⁴⁵.

A ausencia dunha caracterización lingüística do galego, mesmo como dialecto do portugués, é total en todos estes manuais que acabo que mencionar, e que son os comunmente utilizados por profesores e estudiosos da romanística. A excepción está no *Grundriss*, a maior enciclopedia de

linguístico formato dal galego e dal portoghese, lingue che, dopo la separazione del Portogallo da León (e quindi dalla Galizia), hanno condotto una vita indipendente.

Il g a l e g o, dopo il periodo della lirica galego-portoghese, continua la sua vita di lingua letteraria fino alla fine del Medioevo, ma finisce con il soccombere di fronte all'egemonia del castigliano. Esso sopravvive oggi allo stato dialettale, anche se a partire dalla metà del secolo scorso sono stati fatti vari tentativi per ricostituire una lingua letteraria. Recentemente è stato elevato al rango di lingua nazionale, accanto allo spagnolo (lingua ufficiale), nelle province galiziane. I dialetti galeghi sono stati fortemente castiglianizzati, soprattutto nel lessico e nella sintassi, e si differenziano ormai sotto molti aspetti dal portoghese". (L. Renzi, *op. cit.*, 163).

Uns anos antes, L. Renzi publicara unha *Introduzione alla filologia romanza* (Il Mulino, Bologna, 1976) onde respecto do galego dicía simplemente "Con il portoghese si colloca anche il *gallego*, il dialetto della Galizia, che ora fa parte della Spagna, e ha subito l'influenza del castigliano" (p. 151).

⁴⁵ "Galician, from which Portuguese ultimately derives, is not given a systematic treatment here: standardisation has been long in coming, and the emerging standard emphasises the divergence between Galician and Portuguese. The term Galician-Portuguese is used as a convenient way of referring to common features of the two languages, during the period 1200-1350, when there was considerable cultural and linguistic unity between Portugal and Galicia. The most significant divergences of the two languages took place in the period 1350-1500, a time of radical change in Portuguese, indubitably linked with the political upheaval resulting from the emergence of the new royal house of Avis, in 1383, and the population movements resulting from the establishment of Lisbon as capital, and (according to a recent theory) the aftermath of the Plague of 1348". (S. Parkinson, "Portuguese", en Martin Harris/Nigel Vincent (eds.), *The romance languages*, Croom Helm, London and Sydney, 1988, 131.

filoloxía románica feita ata agora, ideada e redactada polo alemán Gröber⁴⁶; nela, o tamén alemán Jules Cornu redacta, como apéndice á gramática da lingua portuguesa, unha morfoloxía do galego moderno, para a que tivo en conta a *Gramática Gallega* de Juan A. Saco y Arce (Lugo, 1868) e material de modernos textos galegos, publicados especialmente na *Biblioteca Gallega* da Coruña⁴⁷.

No *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*⁴⁸, que está empezoando a ser publicado, no volume VI desta moderna enciclopedia da romanística, hai un apartado adicado á lingua galega, no que se estudia a gramática, o léxico, a onomástica, a sociolingüística, a estandarización, a evolución lingüística externa, as áreas lingüísticas, a gramaticografía e maila lexicografía. Por primeira vez nã xa longa historia da ciencia románica, a lingua galega, que sen dúbida forma unha área lingüística coa lingua portuguesa, vai ter nunha nova publicación panromanística un tratamento digno semellante neste caso ó doutras linguas “menores”, coma o sardo, o catalán e o provenzal.

3. GALEGO-PORTUGUES (IDADE MEDIA) VS GALEGO E PORTUGUES MODERNOS

De prescindirmos da variante portuguesa estandarizada e elaborada e da variante galega, aínda nun período constituínte de estandarización e elaboración, entre a Mariña lucense e o Algarve portugués existe un *continuum* lingüístico⁴⁹, como tamén o hai entre as Rías Baixas galegas e a costa do Adriático. Pódese facer unha viaxe lingüística de Galicia ó Véneto italiano a través dun *continuum* galego-asturiano-castelán-gascón-arago-

⁴⁶ G. Gröber, *Grundriss der romanischen Philologie*, Strassburg, 1888 e ss. Do vol. I, que contén a parte lingüística, publicouse unha 2ª ed., moi ampliada, entre 1904 e 1906.

⁴⁷ J. Cornu, “Die portugiesische Sprache”, en G. Gröber (ed.), *Grundriss*, 1888, 715-803. Na 2ª ed. desta gramática portuguesa (1906), figura como apéndice á morfoloxía portuguesa unha morfoloxía do galego, que traduciu ó español F. Martínez Morás, “Morfología del gallego moderno”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, I (1906), 7-9, 28-30, 52-54, 75-77 e 99-101.

⁴⁸ G. Holtus/ M. Metzeltin/ Ch. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, 8 vols., Niemeyer, Tübingen (no prelo).

⁴⁹ Sobre o *continuum* lingüístico galego-portugués véxase o artigo de Luis F. Lindley Cintra, “Nova proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses” en *Boletim de Filologia*, XXII (1964-1971), 81-116. Reproducido na colectánea do autor *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Sá da Costa Editora, 1983, 117-163. Sobre o *continuum* na Romania véxase a nota 34.

nés-catalán-occitano-ligur-piemontés-lombardo-véneto, percorrendo toda unha serie de *dialectos* latinos modernos, algúns deles hoxe elaborados como linguas da cultura e da técnica.

No que respecta á parte máis occidental da Romania é hoxe incuestionable a existencia dunha fase común *galego-portuguesa*⁵⁰ na época medieval, fase de relativa unidade lingüística a ámbalas marxes do río Miño; e igualmente empeza a ser xa incuestionable para moitos lingüistas modernos que as variantes dialectais da lingua galega medieval (ou galego-portugués) son na actualidade dúas linguas diferentes (galego e portugués), aínda que estreitamente emparentadas. É a opinión, entre outros, de in-

⁵⁰ Segundo J. Leite de Vasconcellos, o *portugués-gallego*, lingua “que se pode apreciar muito bem na rica litteratura dos Cancioneiros” é o resultado do latín traído á Lusitania polos romanos, lingua “que, se não sería, mesmo no seu principio, completamente uniforme em todo o territorio, mantinha uma certa individualidade a respeito dos de mais idiomas peninsulares (...) Com a separação de Portugal da Galiza no sec. XII, e em virtude dos destinos que os dois países depois tiveram, o *portugués-gallego* scindiu-se em duas linguas, *portugués* e *gallêgo*, que se foram diferenciando com o tempo cada vez mais até hoje” (do artigo “Lingua e litteratura gallega” de J. Leite, publicado no xornal santiagués *El país gallego*, nº extraordinario de xullo de 1888, p. 18). Sobre a posición do galego respecto do portugués na obra de Leite véxase o artigo de Carme Hermida, “Leite de Vasconcellos e o galego. Notas sobre un artigo esquecido”, en *Verba*, 14 (1987), 489-496. Máis arriba xa nos referimos á consideración do galego como codialecto do portugués na clasificación que Leite fixera en 1901 dos dialectos portugueses.

José Pedro Machado considera que o termo *galego-portugués* ten só un valor literario, sen ningunha importancia estritamente lingüística. “Non existe qualquer prova da unidade idiomática galego-portuguesa; apenas sabemos da existência da *lingua literária* imposta no Século XII no Noroeste da Península e tornada vehículo da poesía lírica hispánica na Idade Media” (“Galego e portugués” en *Revista de Portugal*, XV, 1950, 299) (...) “As particularidades características de cada um dos dois dialectos, so se podem encontrar, como é óbvio, nos documentos redigidos em linguagem mais desprestenciosa, que não no chamado *galego-portugués*, idioma literario” (*ibid.*, 302). O lingüista italiano Giuseppe Tavani está a redactar para o volume VII do *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)* un artigo sobre a lingua artificial galego-portuguesa, “Plan- und Kunstsprachen auf romanischer Basis III. Altgalegisch / Lingue artificiali di base romanza III. Il gallego antico”.

Sobre a denominación *galego-portugués* nos manuais de lingüística románica, gramáticas históricas da lingua española e da lingua portuguesa, así como nas gramáticas máis recentes do portugués pode verse a nota 16 do traballo de M^a do Carmo Henríquez Salido, “Problemática da lingua galego-portuguesa na Galiza”, en *O ensino. Revista Galaicoportuguesa de sociopedagogia e sociolingüística. Homenagem ao professor Carvalho Calero*, 18-19-20-21-22 (1987), 239.

vestigadores da lingua portuguesa como o francés Paul Teyssier⁵¹ ou a portuguesa Clarinda de Azevedo⁵².

Desde unha perspectiva estritamente lingüística, como antes dixeran, ó N e ó S do Miño fálase o mesmo *dialecto* latino (ou a mesma *lingua* latina) porque non existen diferencias sustanciais entre os falares galegos e os falares interamnenses e trasmontanos portugueses; pero no plano da lingua común, que no caso do galego aínda está a elaborarse, si que existe unha lingua galega e unha lingua portuguesa⁵³, con diferencias fonéticas,

⁵¹ “En même temps s’accentuent à l’intérieur du galicien certaines différences dialectales, et le vocabulaire est envahi d’hispanismes. Lorsque se produira, au XIX^e et au XX^e siècle, la Renaissance galicienne, des écrivains et des philologues s’efforceront d’élaborer une langue unifiée. Mais par sa phonétique, sa morphologie, son vocabulaire, sa syntaxe et même par son orthographe, ce galicien moderne est devenu une langue différente du portugais –différente, mais cependant assez proche pour que, dans les conditions les plus favorables, l’intercompréhension soit encore possible” (*Histoire de la langue portugaise*, Que sais-je?, P.U.F., 1980, 48-49).

Hai unha versión ó portugués desta obra feita por Celso Cunha (Sá da Costa Editora, 1982).

⁵² Clarinda de Azevedo Maia, nunha recente investigación, a máis completa sobre a fase galego-portuguesa, conclúe: “A cuestión fundamental posta no inicio do presente traballo consiste em tentar determinar até que punto divergiam as variedades idiomáticas faladas a norte e a sul do Minho, quer durante o período de relativa unidade lingüística, de que pode considerarse como termo os meados do século XIV, quer nos séculos seguintes, em que debido a várias circunstancias de carácter histórico e político, se acentúan as divergências, seguindo a língua de Galiza e de Portugal caminos “históricos” em grande parte distintos, acabando por constituir dúas linguas suficientemente diferenciadas, não só quanto a certos aspectos de carácter fonético, mas também fonológico, morfológico, sintáctico e lexical, mas, ao mesmo tempo, estreitamente aparentadas” (*História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência à situação do galego moderno)*, I.N.I.C., Coimbra, 1986, 886-887). En nota (p. 887) a autora fai referencia ó estado actual do tema, e afirma que “A atitude científica que assenta na análise estrutural do galego e do portugués só permite considerá-los como dúas linguas muito aparentadas, mas dúas linguas, contudo, diferentes: elas ofrecen una situación muito particular, pois se situam, uma relativamente à outra, exactamente no limite onde começa o bilinguismo, sendo possível, por esse motivo, em determinadas circunstancias, a intercompreensão entre os respectivos falantes. Nesta perspectiva, parece evidente que a normalização do galego tem que ser feita a partir do galego e, paralelamente, o estabelecimento das suas características ortográficas deve basear-se no conhecimento da tradição gráfica do galego, desde a época medieval. Opinião idêntica, no que se refere às relações do galego com o portugués, foi defendida por Paul Teyssier na “Lição final” da sessão de encerramento do *Congresso sobre a situação actual da língua portuguesa no mundo* (Lisboa, 1983)”.

⁵³ Cfr. Eugenio Coseriu, “El gallego y sus problemas. Reflexiones frías sobre un tema candente” en *LEA*, IX/1 (1987), 132.

morfosintácticas e léxicas⁵⁴, diferencias que mesmo poden non impedi-la intercomprensión. Pero isto mesmo pasa no caso das linguas catalana e occitana, danesa e norueguesa, eslovaca e checa, feroesa e islandesa, entre as que tamén existe intercomprensión, a pesar de seren linguas de seu. Hai un bilingüismo inherente para os falantes destas parellas de linguas, o que permite, en xeral, a mutua comprensión⁵⁵.

O sociólogo e politólogo alemán Heinz Kloss distingue entre linguas *abstand* (en alemán *Abstandsprachen* ou “linguas por distanciamento”) e linguas *ausbau* (en alemán *Ausbausprachen* ou “linguas por elaboración”). O concepto *abstand* é fundamentalmente lingüístico, mentres que *ausbau* é sociolingüístico⁵⁶. Aplicando esta diferenciación á romanística, para Kloss son linguas *abstand* o occitano e mailo sardo modernos, como o foi o dalmático, mentres que o galego (e desde hai uns anos o corso) é unha lingua *ausbau*, é dicir, unha lingua que está en elaboración. O francés, o italiano, o español, o romanés e mailo portugués son á vez linguas

⁵⁴ Sobre as diferencias entre o galego e portugués moderno véxase Ramón Lorenzo, “Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias” en *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al Profesor Hans-Karl Schneider*, Helmut Buske Verlag, Hamburg, 1976, 155-175; Pilar Vázquez Cuesta / M^a Albertina Mendes da Luz, *Gramática portuguesa*, Gredos, Madrid, 1971³, especialmente 105-122 (“Caracterización del gallego frente al portugués”); R[osario] A[lvarez] B[lanco] / F[rancisco] F[ernández] R[ei] / X[osé] X[ove] F[erreiro], “Gallego”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, T. XIV, 222-255, especialmente 239-243 (“Gallego y portugués”); Constantino García, *Galego onte, galego hoxe*, especialmente 25-29, e Mercedes Brea, “Formación y características del gallego” en *Revista de Filología Románica*, III (1985), 121-130. Reproducido en Aurora Juárez (ed.), *op. cit.*, 121-130.

⁵⁵ H. Kloss / G.D. Mc Connell, *Linguistic composition of the nations of the world*. 1. *Central and Western South Asia* / *Composition linguistique des nations du monde*. 1. *L'Asie du Sud: secteurs central e occidental*, Centre International de Recherche sur le Bilinguisme / International Center for Research on Bilingualism, Les Presses de l'Université Laval, 1974, 36.

⁵⁶ “Une langue ‘abstand’ est une entité linguistique qu'on devrait appeler langue même si aucun de ses mots n'avait jamais été écrit, et que par conséquent la plupart des sociologues n'hésiteraient pas à classer parmi les dialectes. Le concept de langue ‘abstand’ est à prédominance linguistique; il serait trop long ici de définir les critères qu'il faudrait retenir pour mesurer la distance interne qui sépare les langues.

Le concept de langue ‘ausbau’ est d'abord sociologique. Comme nous l'avons dit plus haut, il se rapporte à des langues qui ont été délibérément refaites jusqu'à devenir des moyens variés d'expression littéraire. Plusieurs des grandes langues du monde, parmi lesquelles l'anglais, le français et l'allemand, sont à la fois des langues ‘abstand’ e ‘ausbau’, c'est-à-dire qu'on les appelle langues à la fois parce qu'on les a refaites dans un sens littéraire, et à cause de la distance interne qui les sépare de toutes les autres langues” (*ibid.*, 32-33).

abstand (distanciadas) e *ausbau* (elaboradas)⁵⁷. O galego, obviamente, nunca sería unha lingua “por elaboración” (e algún día lingua “por distanciamento”) se tódolos seus falantes adoptasen o portugués como lingua propia despois de renunciar á elaboración da lingua galega⁵⁸.

O sociolingüista iugoslavo Žarko Muljačić, aplicando as teorías de Kloss ás linguas románicas, afirmaba en 1984 que o galego, se ben desde o punto de vista da lingüística sistemática pertence ó diasistema portugués, desde unha perspectiva sociolingüística trátase dunha LE [lingua por elaboración]:

“Le grandi lingue romanze: il francese, l’italiano, il portoghese, il rumeno e lo spagnolo, e così pure molte altre lingue, membri di altre famiglie, sono nel contempo LE e LD. Come LD sono infatti “distanti” da tutte le altre lingue in misura sufficiente sebbene il grado di distanza non sia sempre uguale: tutti sappiamo che la distanza fra lo spagnolo e il portoghese è molto minore di quella fra l’italiano e il francese.

Vi sono poi delle lingue che sono soltanto delle LD (lo era, per es., l’antico dalmatico). Altre lingue possiedono soltanto la dimensione sociolinguistica, per es. il gallego che è soltanto una LE e che dal punto di vista della linguistica sistemática spetta al diassistema portoghese. I parlanti gallegghi vivono da sette secoli fuori del Portogallo e poiché non vi sono isoglosse non antiche, comuni al territorio del gallego e a unha parte dei dialetti portoghesi del Portogallo, vi sono dei linguisti che pensano che il gallego sia anche una LD.

Abbiamo dunque tre tipi principali di lingue:

a) LE che sono anche LD

⁵⁷ “Soltanto ABS (“Nur-Abstandsprachen”) sarebbero, nel campo romanzo, l’occitanico e il sardo moderni. Lo era anche il dalmatico. Soltanto AUS (“Nur-Ausbausprachen”) sarebbero, secondo il Kloss, il galiziano (gallego) e, forse, da qualche anno appena, il corso. Il francese, l’italiano, lo spagnolo, il rumeno e il portoghese sono nel contempo ABS e AUS” (Ž. Muljačić, “Il termine *lingue distanziate* apparentemente dialettalizzate e la sua rilevanza per la sociolinguistica romanza” en *Studia Romanica et Anglica Zagrabiensia*, XXVI, 1-2 (Ian-Dec. 1981), 87).

⁵⁸ “Ainsi, par exemple, nous supposons que si l’islandais avait été adopté par tous les usagers des dialectes féroïens, l’irlandais par tous les usagers des dialectes gaéliques d’Ecosse, le catalan par tous ceux qui parlent l’occitan ou le provençal, le portugais par tous ceux qui parlent le gallego ou le galicien, le danois par tous ceux qui parlent les dialectes suédois, dans ces conditions personne n’oserait, aujourd’hui, prétendre que les complexes de dialectes féroïens, gaéliques, occitans, galiciens et suédois, puissent constituer respectivement, à cause de la distance intrinsèque qui les sépare, des unités linguistiques indépendantes, qui seraient classées séparément dans les fichiers linguistiques de par le monde” (H. Koss / G.D. Mc Connel, *op. cit.*, 33).

- b) LD che non sono LE
- c) LE che non sono LD”⁵⁹.

Nun artigo máis recente (1986), Muljačić considera que o galego e o portugués son linguas *bielaboradas* correspondentes a dous dialectos dunha lingua *distanciada*, a galego-portuguesa⁶⁰. Esta posición do galego común respecto do portugués común (e a do portugués europeo estándar respecto do portugués brasileiro estándar) vén a ser semellante á proposta por Pilar Vázquez Cuesta e M^a Albertina Mendes da Luz ó trataren os tipos de linguaxe literaria da área lingüística galega-portuguesa moderna: a) portugués (estilo portugués, estilo brasileiro); b) galego; c) crioulo ca-boverdiano⁶¹.

⁵⁹ Ž. Muljačić, “România, Germania e Slavia: parallelismi e differenze nella formazione delle lingue standard” en *La formazione delle lingue letterarie. Atti del Congresso della Società Italiana di Glottologia*. Testi raccolti a cura di Adriana Quattordio Moreschini, Siena, 16-18 aprile, 1984, 39-55 (a cita corresponde á p. 42).

As teorías de H. Kloss aplicadas á romanística por Muljačić permiten facer, alomenos, cinco agrupamentos das linguas románicas:

a) *Linguas por elaboración* (LE) que son ó mesmo tempo *linguas por distanciamento* (LD): o portugués, o español, o francés, o italiano e o romanés.

b) LD que non son LE: o desaparecido dalmático, por ex.

c) LE que non son LD: o galego, por ex.

d) *Linguas por distanciamento aparentemente dialectalizadas* (LDAD): o occitano moderno é un claro exemplo. As LDAD “vengono considerati dalla maggioranza dei loro parlanti (meno qualche decina di linguisti e qualche migliaio di nazionalisti) come dialetti di un’ altra lingua. Tali idiomi che oggettivamente sono lingue e soggettivamente non son lingue vengono chiamati das Kloss *scheindialektisierte Abstand-sprachen*” (*ibid.*, 42-43).

e) *Linguas por elaboración aparentemente lingüistizadas* (LEAL): o corso é unha LEAL, segundo Muljačić. Neste grupo trátase de idiomas que se están a elaborar sen teren deixado de ser dialectos dunha LD. “Molti loro parlanti credono euforicamente che la loro sia una lingua autonoma ‘come tutte le altre’ e, alle volte, che essa esista da secoli” (*ibid.*, 43).

⁶⁰ “Si plus d’un dialecte d’une LD [*langue par distanciation*] a été élaboré avec succès, je parle des *langues bi-* ou *polyélaborées*, cfr. le galicioportugais > le portugais + le galicien. Une LE [*langue par élaboration*] peut être *mono-*, *bi-* ou *polycentrique*. Ses variétés régionales ou nationales ne doivent être confondues avec les dialectes élaborés d’une même LD. Ceux-ci sont des variétés d’une LD, celles-là sont des variétés d’une LE. Mais il y a ici aussi des types de transition. Le portugais est bicentrique (portugais européen standard-portugais brésilien standard) mais le statut de ce dernier ne peut être identifié complètement avec celui de l’allemand autrichien parce que la LE allemande n’a trouvé en Autriche ni une table-rase ni des idiomes d’une autre LD” (Ž. Muljačić, “L’enseignement de Heinz Kloss...”, 57-58).

⁶¹ P. Vázquez Cuesta / M^a A. Mendes da Luz, *op. cit.*, 50.

O alemán Harald Haarmann, estudiando o fenómeno da proliferación das comunidades lingüísticas, analiza, entre outros, o caso galego e portugués coas seguintes palabras:

“Other cases of proliferation include the differentiation of a formerly common Bulgarian ethnocultural identity, (A), into an existing Bulgarian (A) and an emerging Macedonian (Macedo-Slavic) ethnocultural community, (B), and the segregation of a medieval Galician (-Portuguese) community, (A), into a specific Galician (A) and a Portuguese (B) community. The identification of ethnic groupings and identities by the letters (A) and (B) corresponds to the process of proliferation in each case and thus the two indications may not be reversed. (B), as has become obvious, indicates the group segregated in the process of proliferation and thus refers to the emerging secondary ethnic identity”⁶².

Amais destas referencias á posición do galego en sociolingüistas e etnolingüistas modernos que seguen as teorías do sociólogo Kloss, para quen á hora de definir qué é unha lingua, entre outros criterios, é fundamental a existencia de literatura técnica nesa lingua, a lingüista alemana Ursula Esser aplicou a liña investigadora de Kloss ó caso galego, nunha memoria de licenciatura, *Ausbausprache Galicisch* (inédita), defendida en 1985 na Philosophische Fakultät der RWTH de Aachen⁶³ e ten ultimada a súa tese de doutoramento sobre o mesmo tema.

4. A “QUESTIONE DELLA LINGUA” GALEGA: AUTONOMISMO VS REINTEGRACIONISMO

Discutir se hoxe o galego é lingua diferente do portugués ou se o galego e o portugués son a mesma lingua (a galego-portuguesa) paréceme cuestión bizantina desde unha perspectiva estritamente lingüística; mais non o é tanto desde unha perspectiva sociolingüística nestes momentos en que se está a elaborar un galego estandarizado co fin de normalizalo, despois de varios séculos de prostración e marxinação.

Respecto da estandarización do noso idioma hai actualmente dúas posturas ben diferenciadas, hoxe por hoxe, sen posibilidade ningunha de concordia. Segundo o lingüista galego Antón Santamarina, as dúas posicións verbo da normativización poden sintetizarse nas seguintes liñas:

⁶² H. Haarmann, *Language in Ethnicity. A View of Basic Ecological Relations*, Mouton de Gruyter, Berlin-New York-Amsterdam, 1986, 55.

⁶³ Da autoría de U. Esser é o artigo “O galego, lingua en elaboración”, publicado en *Grial*, 93 (1986), 334-343, que é reelaboración de parte da citada memoria de licenciatura.

“a dos que consideran que é unha lingua á parte, baseándose, en criterios lingüísticos e na opinión compartida pola inmensa maioría dos falantes de que o galego é un idioma en por si, e defenden a súa individualización (*Selbstabgrenzung*); e a dos que consideran o galego unha variante da lingua portuguesa e son polo tanto partidarios da súa satelización (*Unterordnung*) na órbita do portugués (de igual modo que ata agora levaba o camiño de converterse en satélite do castelán debido á súa indefensión natural).

As propostas máis completas dos partidarios da primeira vía foron formuladas pola Real Academia Galega e polo Instituto da Lingua Galega (1982) e o goberno galego adoptounas como oficiais. Dentro deste primeiro grupo podemos incluír tamén propostas reductibles aínda que ambiguas, como as chamadas ASPG'80 (Asociación Socio-Pedagóxica Galega 1980), que por escrúpulos políticos fronte a unha normativa sancionada por un goberno de dereitas [hoxe, en 1988, de centro-esquerda], seguen mantendo belixerancia.

As propostas do segundo grupo non constitúen unha simple adopción da lingua portuguesa como lingua de cultura dos galegos (como o holandés actual é a lingua de cultura dos flamencos); a satelización neste caso consiste nunha adecuación parcial da ortografía e a morfoloxía de maneira que se permita manter unha pronunciación galega sen demasiada arbitrariedade gráfica”⁶⁴.

⁶⁴ A. Santamarina, “Estado e tarefas da lingüística galega”, comunicación presentada ó XVIII CILPhR celebrado en Trier, maio de 1986 (cítase polo orixinal fotocopiado). Sobre os conceptos *Selbstabgrenzung* e *Unterordnung* utilizados por Santamarina véxase J.B. Marcellesi, “Der Prozes der Entstehung von Sprachen in der Romania” en *Linguistische Arbeits-Berichte*, 51 (1985), Karl Marx Univ. Leipzig, 19; sobre o flamenco e o holandés cfr. B.C. Donaldson, *A linguistic history of Holland and Belgium*, Leiden, Nijhof, 1983, 20-24.

Respecto das dúas posturas existentes hoxe en Galicia para a estandarización do idioma poden verse tamén os artigos de Guillermo Rojo, “La situación lingüística gallega” en *Revista de Occidente. El bilingüismo. Problemática y realidad*, 10-11, Extraordinario II (Febreiro 1982), 93-110, especialmente 103-110 (“El problema de la normativización”); Klaus Bochmann, “En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo” en *Linguistische Arbeits-Berichte*, 40 (1983), 2-14 e “Problemas da ‘normalización’ da lingua galega” en *Grial*, 91 (1986), 18-28, traducción de Xosé A. Palacio de “Probleme della normalizzazione della lingua galega”, texto dunha conferencia de K. Bochmann (Universidade de Pádova, 6 de abril de 1984); e Eugenio Coseriu, “El gallego y sus problemas. Reflexiones frías sobre un tema candente” en *LEA*, IX/1 (1987), 127-138.

Para unha visión “autonomista” do galego respecto do portugués cfr. Xesús Ferrero Ruibal, “O acordo ortográfico e morfolóxico de 1982. Entre a utopía foneticista e as heterografías lusistas” en *I Encontros Labaca. Ponencias*, Ed. do Castro, 1984, 177-207 (a ponencia que o 3 de maio de 1981 presentara Antón Santamarina no I Congreso de Escritores en Lingua Galega, celebrado na localidade pontevedresa de Poio, na que expoñía a postura “autonomista” defendida polo Instituto da Lingua Galega aínda permanece inédita); para unha visión “reintegracionista” pode consul-

Entre as dúas posicións analizadas por Santamarina (autonomismo *vs* reintegracionismo), persoalmente considero máis acertada a consideración do galego moderno como lingua autónoma en relación co actual portugués padrón.

No estado actual da “questione della lingua” galega (galego-portugués *versus* galego e portugués) fago miñas as palabras do sociolingüista e ensaísta galego Francisco Rodríguez, publicadas en 1976, nun momento en que a “questione” estaba a agromar, relativas á crítica das teses culturalistas e cosmopolitistas do lingüista portugués Rodrigues Lapa, desenvolvidas en Galicia polos autodenominados “reintegracionistas”. Dicía F. Rodríguez:

“Se non hai que discutir que, dende unha perspeutiva lingüística, galego e portugués son a mesma língoa, é un consolo pouco convincente dende unha perspeutiva sociolóxica e política. Hai que remarcar sempre que unha língoa é fundamentalmente útil no contesto do pobo que [a] fala, como obra súa que é, e como instrumento indispensable e inmellorable ao seu servicio. Se é que non se parte diste presuposto, os prantexamentos poden caer no imperialismo incoscente, no intelectualismo culturalista (...) A solución de Rodrigues Lapa de que escribamos en portugués, a espranza de que non morrerá porque está viva a nosa língoa na súa filla universal, non soluciona os nosos problemas culturáes como pobo, como colectividade, nin pode consolar a ninguén que queira ver o seu idioma e cultura normalizados no seu contesto social. É, pois, unha solución individualista e culturalista. Como tal, unha falsa alternativa”⁶⁵.

Para rematar esta “questione”, pode lembrarse o desexo de Castelao de que o galego se achegue e confunda co portugués a fin de termos un idioma extenso e útil⁶⁶, palabras tan gratas ós oídos dun reintegracionis-

tarse a ponencia de M^a das Dores Arribe Dopico / António Gil Hernández / Joám Carlos Rábade Castinheira, “Que galego na escola? Anotaçons para umha proposta de planificação lingüística na Galiza. Tese reintegracionista” en *I Encontros Labaca*, 43-175, e Lluís Aracil et alii, *Lingüística e sociolingüística galaico-portuguesa (Reintegracionismo e conflito lingüístico na Galiza)*, vol. I, temas de *O Ensino*, *Revista galaico-portuguesa de sócio-pedagogia e sócio-lingüística*, 4/5, 1985.

⁶⁵ F. Rodríguez [Sánchez], *Conflito lingüístico e ideoloxía en Galicia*, Colección Alexandre Bóveda, Ed. Xistral, Monforte de Lemos, 1976, 46-47. Hai unha 2^a ed. de 1980.

⁶⁶ “Yo deseo que en Galicia se hable tan bien el gallego como el castellano y el castellano tan bien como el gallego. Deseo, además, que el gallego se acerque y confunda con el portugués, de modo que tuviésemos así dos idiomas extensos y útiles. Y aun desearía más: desearía que en la segunda enseñanza fuese obligatorio el inglés y otro idioma extranjero”. Extracto dunha carta de Alfonso D. Rodríguez Castelao a Claudio Sánchez Albornoz, publicada en *Grial*, 47 (1975), 100-101.

ta, desexo que contrasta co que expresara Otero Pedrayo de que se escriba coma os portugueses só á desesperada, “cando estiveramos totalmente dominados e tiveramos que nos subir a un barco de refuxio”⁶⁷.

Para quen estea sensibilizado pola normalización da lingua galega, é algo evidente que o principal problema non é hoxe o da estandarización, xa que o galego común é unha realidade, a pesar de discrepancias puntuais de tipo gráfico e morfolóxico especialmente. Nos dez últimos anos a lingua galega deu un importantísimo salto cualitativo ó ser utilizada en ámbitos nos que sempre estivo proscrita. Desde xuño de 1983 dispónse dunha Lei de Normalización Lingüística aprobada polo Parlamento Autónomo, que nuns casos é “papel mollado” e noutros só timidamente se está a aplicar. Fai falta unha política lingüística (hoxe inexistente) por parte do Goberno Autonómico que permita que o galego —lingua propia de Galicia— sexa plenamente normal para os seus usuarios. Parece necesaria e urxente unha vontade política seria de recuperación do galego, co fin de evitar que o principal sinal de identidade deste Finisterre da Romanía sexa fagocitado polo español, porque todo glotocidio, como moi ben di o sociolingüista Ž. Muljačić, “est un acte de lèse-humanité”⁶⁸.

⁶⁷ “En fin, hoxe parece que vamos por aquel camiño: a lingua galega esta-se rexenerando, xa se emprega en moitos círculos onde antes non se empregaba. En fin, hai unha tendencia a xuntal-o galego có portugués. O galego é unha lingua per se. Dican algúns que a única maneira de salval-o galego é que falemos i escribamos como os portugueses. Non o creo. Eso sería en caso de última desesperación, cando estiveramos totalmente dominados e tivermos que nos subir a un barco en refuxio. Con todo respecto aos portugueses, o galego é moito mais fermoso que o portugués. Ten menos dificultades de pronunciación: é unha lingua románica, latina, ampla, simpática, aberta. Hai que conservala así”. Texto tirado dunha entrevista realizada por Fernando Ramos a Otero Pedrayo, en 1973, cando D. Ramón contaba con 85 anos, e publicado no Suplemento de Cultura de *La Voz de Galicia*, xoves, 27 de maio de 1982 (“Unha tarde inédita con Otero Pedrayo: ‘Escribir coma os portugueses, só na desesperación’”).

⁶⁸ Ž. Muljačić, “L’enseignement de Heinz Kloss...”, 60.